

## MEMORIA DE AVALIACIÓN DO PAT DE FILOLOXÍA 2014-2015

Titulacións:	Grao en Español: estudos lingüísticos e literarios Grao en Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
Centro:	Facultade de Filoloxía
Día da reunión	16 de xuño de 2015
Número de asistentes	29 titoras e titores (desculpan 3 persoas). Total profesorado incrito 42.

**Motivo: Avaliar o desenvolvemento do PAT no centro durante o curso 2014-2015**

### DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN

1. Os titores e as titoras sinalan que é frecuente que non asista o alumnado ás entrevistas protocolizadas (coa excepción dos matriculados por primeira vez), feito que provoca certa frustración entre o profesorado. Neste sentido, o coordinador do PAT da Facultade de Filoloxía lembrou que nas directrices xerais do PAT da UDC se recolle literalmente que “Co PAT, en ningún caso queremos levar os universitarios da man, xa que pola idade que teñen deben tomar as súas propias decisións; perseguimos, pola contra, obter persoas cada vez máis autónomas e emprendedoras, así como unha universidade de maior calidade. O/A titor/a non debe perseguir os alumnos que non acoden á titoría, nin necesita coñecer toda a información académica ou administrativa (...)”. Por tanto, as entrevistas son unha oportunidade que o titor / a titora ofrece, mais non unha obriga por parte do alumnado. Con todo, sinálase tamén que os/as estudantes con problemas ou que queren realizar unha consulta saben que poden dirixirse ao seu titor / á súa titora e adoitan facelo. Noutra orde de cousas, lembrouse igualmente o procedemento que o profesorado con funcións titorias no PAT do centro debe seguir perante a vontade do seu alumnado titorizado de presentar unha queixa sobre un/unha docente. Para alén de lembrar que as reclamacións a que fai referencia o procedemento PA04 do SGIC do centro son “aquelas que manifestan a disconformidade do reclamante con respecto ao resultado dalgún servizo” e que “deben diferenciarse das reclamacións administrativas, que seguen outra vía”, apuntouse que non é función dos titores e das titoras resolveren conflitos, mais sinalaren ao/á estudante como debe proceder e, de ser preciso, cal é o servizo da UDC que pode axudalo/a. No caso concreto das queixas, é preferíbel guiar o alumnado para que tente resolver a cuestión co/coa docente. Se continuar no seu desexo, pode iniciar o trámite desde a páxina web da Facultade (na sección “Consultas e suxestións” (<http://www.udc.gal/suxestions/Paginas/FormularioCliente.aspx>)). Como sempre, o

profesorado que titoriza pode dar indicacións sobre a redacción da queixa (para que eviten os xuízos de valor ou as descalificacións e fagan referencia á normativa de avaliación ou ás guías docentes, por exemplo), mais nunca redixila en lugar do interesado ou da interesada. Outras intervencións do profesorado titor PAT do centro sinalaron a necesidade de solicitar a actualización do impreso do inquérito inicial do alumnado titorizado, ben como a posibilidade de recoller información con outras fórmulas menos protocolizadas. Igualmente, focouse a pertinencia de informar ao alumnado de segundo curso dos graos das posibilidades de mobilidade internacional facendo coincidir as xornadas informativas sobre mobilidade coa segunda entrevista grupal.

2. A totalidade do profesorado titor asistente á reunión patentea a súa conformidade para continuar a exercer funcións titoriais no curso 2015/2016.
3. Valoradas as suxestións realizadas nunha quenda aberta de intervencións, os asistentes acordan propor unha modificación no PAT para que no curso 2015/2016 se mude o parágrafo da sección 6 (Modelo organizativo) relativo ás entrevistas grupais, de maneira que se diga explicitamente que se trata dunha posibilidade que o profesorado ofrece, non unha obriga por parte do alumnado titorizado. Acórdase igualmente solicitar a actualización do impreso do inquérito para que deixe de incluír preguntas que ficaron desactualizadas